

**PROPOSTA DE URXENCIA
REFORZAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA E HOSPITALARIA.
O PERSOAL SEGUE SENDO ESENCIAL E A CIDADANÍA TEN DEREITO A
ATENCIÓN SANITARIA PLENA**

A día de hoxe, a Consellería ante a situación xerada pola falta de profesionais, só aplica parches para ir solucionando problemas puntuais derivados da pandemia deixando de lado o resto de problemas de saúde das usuarias e usuarios, en detrimento da propia asistencia sanitaria que ten que ir mais alá da pandemia.

Mentres, ómicron terminou de levar ao límite á atención primaria e as urxencias hospitalarias tendo que recorrer a médicos extracomunitarios, a xubilados –por outra banda, persoas vulnerables- e estudantes para reforzar os servizos sanitarios.

Entre o persoal dos centros de saúde e hospitais estendese o hartazgo, esgotamento, estrés e moita tensión, un mal ao que as administracións sanitarias son incapaces de poñerlle cura. Os profesionais atópanse atrapados entre dúas fronteas: as autoridades sanitarias, que os ningunean e os saturan con trámites burocráticos e os abandonan á súa sorte, e unha poboación cada vez máis cansa e irritada que acaba culpabilizando o persoal do seu abandono, e se produce un aumento das agresións o persoal nos centros sanitarios.

UGT denunciámos dende hai anos a fuga de profesionais propiciada por políticas sanitarias baseadas en recortes e falta de planificación de recursos humanos a medio e longo prazo. E tamén, levamos anos reiterando a planificación da oferta formativa para reposición de efectivos e poder dar cobertura e continuidade asistencial, a ausencia desta planificación determina as carencias actuais, e ante as previsións de xubilacións non se atisba solución a un problema que de non corrixiarse colapsará o conxunto do sistema sanitario.

UGT participa activamente na Iniciativa estatal Salvemos a Atención Primaria xunto cun centenar de organizacións e asociacións, xa que sen a atención primaria é imposible saír da crise sanitaria que nos azouta, polo que instamos o ministerio e ás comunidades autónomas a tomar medidas inmediatas e efectivas.

O sindicato defende e apoia aos profesionais de atención primaria que se mobilizan nas distintas Áreas pola falta de recursos humanos e materiais. O desbordamento está a poñer tamén en xaque aos servizos de urxencias e centros hospitalarios, e se desencadenan tamén mobilizacións do seu persoal nas que o sindicato participa.

O Comité Nacional demanda a Consellería de sanidade que implemente medidas eficaces que reforcen e fortalezan e a Atención Primaria e Hospitalaria, xa que o persoal segue sendo esencial e a cidadanía ten dereito a unha atención sanitaria plena e de calidade.